



COMUNICACIÓN PREVIA - CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE (CP-8)

Descrición

Os cambios de titularidade de actividades en vigor comunicaráselle ao concello, con indicación do título habilitante municipal de natureza urbanística que se quere transmitir

Requisitos de iniciación

Non se consideran en vigor as actividades que foran interrompidas por un prazo superior a un ano.

Documentación Obrigatoria

- Autoliquidación de taxa: Autoliquidación da taxa pola tramitación administrativa
- Xustificación do pagamento da taxa: Recibo de pagamento da Tesourería Municipal ou xustificante de ingreso en conta.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou título de propiedade)

Documentación segundo o caso

- Copia da licenza a transmitir ou ben indicación suficiente do expediente municipal (número de expte., data do acto administrativo, antigo titular)
- Acreditación da representación: Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañará ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Nos casos de persoas xurídicas, documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou a acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Se para o inicio da actividade presentouse declaración responsable de que actividade non superará, en calquera horario, os 75dB, deberase presentar declaración responsable asinada polo novo titular.
- No caso de transmisión de actividades recreativas ou espectáculos públicos:
 - Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatoria: Consonte a D.T.3ª da lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 8, os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro nel exixidas terán as seguintes contías, atendendo a capacidade: Ata 100 persoas: 300.000 €; ata 150 persoas: 400.000 €; ata 300 persoas: 600.000 €; ata 500 persoas: 750.000 €; ata 1.000 persoas: 900.000€; ata 1.500 persoas: 1.200.000€; ata 2.500 persoas: 1.600.000 €; ata 5.000 persoas: 2.000.000€. Cando a capacidade sexa superior, incrementarase en 60.000€ por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 €.
 - Recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes